



## DOCUMENTO DE CONTRATO DE PRÉSTAMO

|                        |                 |
|------------------------|-----------------|
| Nome e apelidos:       |                 |
| DNI:                   | Nº colexiación: |
| Domicilio profesional: |                 |

Solicitada polo/a comparecente a obtención dun préstamo dos ofertados polo Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela (en adiante ICA Santiago) por razón das excepciónais circunstancias derivadas da pandemia (Covid-19) e co obxecto de obter inmediata liquidez para cubrir as necesidades propias da súa actividade profesional como avogado/a exercente no ámbito territorial deste Colexio, para tales efectos MANIFESTA:

**Primeiro.** Coa sinatura do presente documento o/a comparecente acepta a concesión por parte do ICA Santiago dun préstamo por importe de:

[Marcar só unha das dúas opcións]

☐ 600 € (seiscentos euros)

☐ 1.200 € (mil douscentos euros)

**Segundo.** O/A comparecente solicita que o importe total do préstamo lle sexa ingresado na seguinte conta bancaria da que é titular:

☐ A mesma en que ten domiciliadas as cotas colexiais.

☐ Outra distinta:

IBAN: 

|   |   |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |
|---|---|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|
| E | S |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |  |
|---|---|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|--|

**Terceiro.** O/A comparecente coñece e acepta que, para o caso de que non perciba na conta bancaria o importe do seu préstamo no prazo máximo de sete días hábiles dende a data da súa solicitude, este entenderase denegado, sen prexuízo da comunicación que en tal sentido poida efectuarse de forma expresa e persoal por parte do ICA Santiago.

**Cuarto.** O/A comparecente coñece as condicións de concesión deste préstamo e concretamente as seguintes, que acepta expresamente:

a) A concesión do préstamo realizarase por rigorosa orde de presentación das solicitudes (segundo o número de rexistro de entrada no ICA Santiago).

b) A solicitude poderá serlle denegada por esgotarse o crédito destinado a este préstamo despois de atender outras solicitudes previas para o mesmo fin.



c) Este documento, xunto co xustificante de ingreso do importe do préstamo na conta bancaria do/a comparecente, é suficiente para acreditar a súa concesión e a posta a disposición do/a comparecente do importe deste.

d) O préstamo non devindicará ningunha comisión, nin gasto, nin xuro durante o período ou prazo que medie dende a súa concesión ata o prazo máximo fixado para a súa devolución.

e) O prazo máximo para a devolución do préstamo será o 30.03.2021, que deberá efectuarse mediante ingreso ou transferencia á mesma conta bancaria do ICA Santiago dende a que se realizou o ingreso do dito préstamo.

f) O/A comparecente pode efectuar a devolución anticipada do préstamo en calquera momento a partir da data da súa concesión, que poderá realizarse de forma total ou parcial. No caso de efectuar a devolución de forma parcial, o/a comparecente adquire o compromiso de que, para os efectos de facilitar a xestión das devolucións, as cantidades devoltas sexan dun importe mínimo de 150,00 euros ou múltiplos deste.

g) O/A comparecente coñece que se someterá a aprobación da Xunta Xeral do ICA Santiago, na sesión que terá lugar a primeiros do ano 2021, a posible prórroga do prazo de devolución do préstamo. No caso que esta prórroga fose aprobada, poderá acollerse ao novo prazo fixado pola Xunta Xeral.

h) No caso de causar baixa como colexiado/a do ICA Santiago, producirase o vencemento anticipado do préstamo e deberá devolver as cantidades debidas no prazo máximo de 10 días dende a data de firmeza da dita baixa.

i) Para o caso de que o/a comparecente non efectuase a devolución íntegra do préstamo, ben por causar baixa na colexiación, ben por vencer o prazo fixado ou, de ser o caso, aquel outro prazo ampliado que poida fixar a Xunta Xeral, o préstamo devindicará xuros legais, gastos e custas; todo iso sen prexuízo das sancións que procedan de conformidade co Estatuto xeral da avogacía, co Código deontolóxico e co Estatuto do ICA Santiago; someténdose expresamente ao foro dos xulgados e tribunais do ámbito territorial do ICA Santiago.

**Quinto.** O/A comparecente é coñecedor/a das bases de concesión do préstamo, aprobado pola Xunta de Goberno do ICA Santiago o 27.04.2020, e acéptaaas integramente coa súa sinatura.

Para os presentes efectos, ademais de aceptar expresamente as anteriores condicións do préstamo, o/a comparecente fai a seguinte **declaración responsable**:

*“Manifesta responsablemente que é colexiado/a exercente residente por conta propia, con despacho profesional aberto ao público no termo territorial do ICA Santiago, e que está ao corrente das súas obrigas colexiais”.*

En proba de conformidade, asina electronicamente o presente documento.